



### CONCELLOS

#### FRIOL

##### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE SETEMBRO DE 2022**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 17 de outubro de 2022, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de SETEMBRO de 2022, por un importe total de 6.469,38 €.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei

Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adbedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 19 de outubro de 2022.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3018

### LOURENZÁ

##### *Anuncio*

#### **Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.**

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 3º trimestre de 2022, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Xaneiro do 2023, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 19 de outubro do 2022.- A alcaldesa, Rocío López García.

R. 3019

---

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 17 de outubro de 2022, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 3º TRIMESTRE DE 2022.**

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

### **ANUNCIO DE COBRANZA.**

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de novembro de 2022 ó día 31 de decembro de 2022, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

**CANON DA AUGA:** A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 17 de outubro de 2022.- O alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3021

---

## TABOADA

### *Anuncio*

### **APROBACIÓN DEFINITIVA ANEXO DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL 2022.**

O Pleno do Concello de Taboada en sesión ordinaria que se levou a cabo o día 13 de setembro de 2022, acordou a aprobación inicial da modificación do orzamento xeral do concello de Taboada para o exercicio económico 2022, para materializar o expediente administrativo G162/2022, no que se refire á materia de persoal, Anexo de Persoal laboral temporal de 2022 e o cadro de persoal de 2022 publicado no BOP de Lugo nº 299 de 31.12.2021. Durante o prazo de exposición ao público non se presentaron alegacións, queda automaticamente elevado a definitivo. O cadro de persoal resulta redactado nos seguintes termos:

## C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Praza	Dot. de prazas	Situación
Auxiliar axuda no fogar*(21 prazas en proceso de estabilización de emprego)	26	Cubertas 26
Limpador/a (1 indefinido por sentenza xudicial) *( praza en proceso de estabilización de emprego)	1	Cuberta
Educador familiar ( indefinido por sentenza xudicial)	1	Cuberta
Traballador Social de apoio	1	Cuberta
Peón de obras	3	Vacantes

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Taboada, 19 de outubro de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3022

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA MC SUPLEMENTO DE CRÉDITOS 1/2022. EXP. G337/2022**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 13 de setembro de 2022, relativo ao expediente de suplemento de crédito financiado por Remanente de tesourería para gastos xerais por importe de **86.000,00 €**, (**MC suplemento de créditos 1/2022. Exp. G337/2022**) como se indica a continuación:

Suplementos en aplicacións de gastos

PROGR.	ECONÓMICA	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
161	22100	Energía Eléctrica	26.094,00 €
1621	203	Arrendamientos de maquinaria. Instalaciones y utilitaje	22.905,00 €
1621	21300	Maquinaria, instalaciones técnicas y utilitaje	24.000,00 €
170	22501	Tributos de las comunidades Autónomas	13.000,00 €
		Total	86.000,00 €

Suplementos en aplicacións de ingresos

CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	Importe
87000	Remanente de tesorería para gastos generales	86.000,00€
	Total ingresos	86.000,00€

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Taboada, 19 de outubro de 2022.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3023

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **Asunto: imposición da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, e hidrocarburos do Concello de Xermade**

O Pleno do Concello de Xermade, na sesión ordinaria celebrada o 11 de agosto de 2022, aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga, e hidrocarburos do Concello de Xermade. O anuncio de aprobación inicial publicouse no BOP n.º 191 o 22/08/2022.

Na sesión ordinaria celebrada o 13 de outubro de 2022, o Pleno acordou a imposición da taxa,

Sométese novamente o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o devandito prazo non se presentaran alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

Xermade, 19 de outubro de 2022.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3024

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BURELA

#### *Anuncio*

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES AO CONCURSO DE MICRORRELATOS DO 25 DE NOVEMBRO "XV EDICIÓN DO CONCURSO DE MICRORRELATOS".

BDNS (Identif.): 654244

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/654244>)

Primeiro. Beneficiarios:

Calquera persoa que así o decida, existindo as seguintes categorías:

1ª Persoas menores de 18 anos, autorizadas polo pai, nai ou titor/a legal.

2ª Persoas de 18 anos en diante.

Segundo. Obxecto:

Concurso de microrrelatos cuxa temática é a eliminación da violencia contra as mulleres e a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras publicaranse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

Cuarto. Contía dos premios:

Os premios para as persoas gañadoras serán:

1ª categoría: 150 €

2ª categoría: 300 €

Quinto: Prazo de presentación de traballos:

O prazo de presentación dos traballos remata o 18 de novembro de 2022 ás 15:00 h.

BURELA, 18 de outubro de 2022.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCÍA.

R. 3025

---

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

*Anuncio*

**Expediente: A/27/31960**

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 29 de setiembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Celsa Cordal González, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,0185 l/s de agua procedente del arroyo Foles, en la parroquia de Fanoi (Sta. M<sup>a</sup> Madanela), en el término municipal de Abadín (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 17 de octubre de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 3026

---

**FE DE ERRATAS**

Advertido erro no BOP Núm. 239 do día 19 de outubro de 2022, na páxina 9 con núm. de rexistro 2920, en relación anuncio: Confederación Hidrográfica do Cantábrico, expediente A/27/23711

**Onde di:**

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

**Debe dicir:**

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO O.A. COMISARÍA DE AUGAS**